

The background of the image features a large, detailed red heart centered against a backdrop of soft, pastel-colored hills or mountains. Several stylized blue flowers with white centers and thin green stems are scattered around the heart, some above and some below it. The overall aesthetic is artistic and organic.


CATÁLOGO CULTURA NO CAMIÑO

2022

CULTURACTIVA

ÍNDICE

CULTURA NO CAMIÑO





ESCÉNICAS

infantil - familiar

CULTURACTIVA PRODUCCIONES

Rosalía

SELECCIONADA EN FETEN 2021

DIRECCIÓN: FINA CALLEJA

ELENCO: ROCÍO GONZÁLEZ
CRISTINA COLLAZO

INFANTIL

ESTILO: TEATRO FAMILIAR

DURACIÓN: 50'

► + INFO ► VÍDEO

Dende Culturactiva achegamos a unha Rosalía nena, unha nena alegre que cantaba e xogaba, que lia e comía chocolate. Esta Rosalía vive no lugar onde medran as poetas: entre a rebeldía, as lecturas, a curiosidade, o xogo e as cancións con rimas e sen autor. Un dos espectáculos do momento con máis de 70 funcións dende a súa estrea, unha peza que xa é un imprescindible do teatro familiar galego.



BAOBAB

Ás para Álex

DIRECCIÓN: ÓSCAR FERREIRA
ELENCO: CORA VELASCO
XOSE ESPERANTE

INFANTIL
ESTILO: TEATRO FAMILIAR
DURACIÓN: 50'

| + INFO ► VÍDEO

Ás para Álex é unha das pezas que só a sensibilidade e calidade de Baobab Teatro poden crear. Un novo fito dunha das más destacadas compañías do teatro familiar galego.

Álex é un neno de 8 anos cunha increíble vitalidade que, de repente, comeza a atoparse sen forzas e cae enfermo. Na obra veremos como coa axuda de Laura atopa forzas para loitar.



PEDRAS DE CARTÓN

Quixote

PREMIO DO FESTIVAL DE TEATRO
CLÁSICO DE ALMAGRO 2021

DIRECCIÓN: LAURA SARASOLA
ELENCO: JUAN RODRÍGUEZ
PABLO SÁNCHEZ

INFANTIL
ESTILO: TEATRO FAMILIAR
DURACIÓN: 50'

► + INFO ► VÍDEO

Pedras de Cartón acomete o seu segundo clásico e a súa segunda obra abordando a novela más importante da lingua española. Un fermoso e divertido Quixote cunha estética inspirada no pallaso clásico (de Fellini) e con achegamentos dende o clown. Afrontamos as escenas más icónicas da novela, da relación antagónica entre Quixote e o seu escudeiro Sancho.

PÍSCORE

Concerto con fusión

PREMIO DO PÚBLICO FESTACLOWN 2019.

ESPECTÁCULO GALEGO MELLOR VALORADO DOMINGOS DO PRINCIPAL 2020

DIRECCIÓN: FRAN REI

ELENCO: PEPE VARELA

DIEGO ROSAL

FÉLIX RODRÍGUEZ

PABLO CABANELAS

TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: TEATRO FAMILIAR

DURACIÓN: 55'

► + INFO ► VÍDEO

Piscore estreará a finais de ano a súa terceira producción, máis ambiciosa e divertida que nunca. Ata entón mantendo a anterior e exitosa liña de traballo Concerto con Fusión é unha festa na que pasamos por diferentes estilos musicais: música latina, rock & roll, reggae, pop ou música disco. Un espectáculo que supón un seguro de calidade, ritmo e gargalladas en calquera programación.



CIRCO CHOSCO

Oh-Pera

GAÑADORES DO CERTAME INTERGALÁCTICO
DO FESTACLOWN 2021

DIRECCIÓN: ARITZA RODRÍGUEZ
ELENCO: ARIÑE AZKUE
ÓSCAR PÁEZ

TODOS OS PÚBLICOS
ESTILO: CIRCO
DURACIÓN: 50'

► + INFO ► VÍDEO



Circo Chosco dirixidos por Artitza Rodríguez dan un tremendo paso adiante na súa linguaxe circense. Unha das mellores compañías novas do noso circo que se gradúa cun espectáculo adulto repleto de calidade e delicadeza. Un show con acrobacias, danza, movementos, equilibrios cunha posta en escena orixinal e diferente que non esquece o humor habitual da compañía.

MAGO TETO

As nosas letras

ELENCO: HÉCTOR GUERRA

TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: MAXIA

DURACIÓN: 70'

► + INFO ► VÍDEO



Unha unión da maxia e as letras para ilusionar e divulgar co galego.

O Mago Teto achéganos un espectáculo con increíbles números de maxia de creación propia sobre moitas das principais figuras e feitos da literatura galega. Unha orixinal e sorprendente proposta con ilusión sobre figuras como Rosalía, Cunqueiro, a Xeración Nós, Vicente Risco ou Vidal Bolaño.

PEDRAS DE CARTÓN

Lázaro de Tormes

MENCIÓN ESPECIAL DO XURADO NO FESTIVAL
DE TEATRO CLÁSICO DE ALMAGRO 2020

DIRECCIÓN: PABLO SÁNCHEZ
LAURA SARASOLA

ELENCO: XOSÉ MANUEL ESPERANTE
XOSÉ VILARELLE
JUAN RODRÍGUEZ

INFANTIL

ESTILO: TEATRO FAMILIAR

DURACIÓN: 50'

► + INFO ► VÍDEO



Pedras de Cartón é a nova compañía de Juan Rodríguez (Caramuxo Teatro). Creada coa idea de actualizar a lingua dos clásicos e levalas ao teatro contemporáneo debutamos coa historia do Lazarillo de Tormes contada por primeira vez con máscaras e sen palabras. Unha delicia de posta en escena para un clásico de obrigado cumprimento nos currículos e nas propias vidas.

VELLA ESCOLA

Ópera Break's

ELENCO: ESPERANZA MARA

E ARTISTAS DO COLECTIVO VELLA ESCOLA

TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: OUTROS

DURACIÓN: 60'

 + INFO  VÍDEO

A Vella Escola e a soprano Esperanza Mara unen forzas para crear unha proposta única dentro da cultura galega. Rap, Beatbox, Picadiscos e Breakdance mesturadas coa impresionante voz da cantante de ópera Esperanza Mara. Unha proposta chea de ritmo, orixinalidade e momentos dunha gran plasticidade musical e física.

CULTURACTIVA PRODUCCIONES

Desconcerto

DIRECCIÓN: MARCOS ORSI

ELENCO: FRAN REI
FÉLIX RODRÍGUEZ

INFANTIL

ESTILO: TEATRO FAMILIAR

DURACIÓN: 60'

i + INFO ► VÍDEO



DESCONCERTO é un espectáculo cómico sobre a música culta posto en escena por Félix Rodríguez e Fran Rei e dirixido por Marcos Orsi. Coa orquestra a piques de comezar e o público preparado para gozar, os intérpretes vense na obriga de improvisar. A partir deste aloucado punto de partida, o programa vai avanzando e vaise executando con contínuos atrancos cómicos.

BANDÚLLO AZUL

Mestre Ma non Troppo

DIRECCIÓN: FRAN AMEIXEIRAS

ELENCO: FRAN CAMPOS

INFANTIL

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 50'



+ INFO



VÍDEO

Fran Campos e Fran Ameixeiras presentan a súa nova obra. Un tratado sobre o fracaso e a presión á que sometemos ás nosas crianzas na procura do éxito.

O noso protagonista vive recluído coa compañía do seu asistente de voz e vive unha existencia tan lamentable como divertida.



BANDULLO AZUL

Fazulas e o ladrón de paraugas

DIRECCIÓN: ANA CARREIRA

ELENCO: FRAN CAMPOS

FAMILIAR

ESTILO: NARRACIÓN ORAL

DURACIÓN: 50'

i + INFO



O espectáculo conta a viaxe iniciada por Fazulas, o gato persa de dona Adelaida, na súa teima por saber de que cor é o vento. Para iso emprenderá unha fantástica aventura, collido á empuñadura dun paraugas. Unha peza con Xosé Lueiro na escrita e con Fran Campos na creación que está baseada no libro do mesmo nome.

SUMA

Ikigai

PREMIO DO PÚBLICO NO FESTACLOWN 2020

DIRECCIÓN: GONZALO GUERREIRO

ELENCO: SUE MORENO

ELENCO: MARIA MOVE

TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: CIRCO

DURACIÓN: 50'

í + INFO ► VÍDEO

A photograph of two performers on a trapeze against a clear blue sky. The performer on the left is wearing a green top and pants, a yellow flower crown, and is laughing. The performer on the right is wearing a blue top, brown pants, and purple goggles, and is smiling. They are both holding onto the metal trapeze frame.

Xogo, imaxinación, acrobacia aérea e opera cantada en directo nun espectáculo de danza-circo 360° dirixido por Gonçalo Guerreiro.

MUU Crunch

ELENCO: DANIEL BLANCO
ÓSCAR PÁEZ

TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: CIRCO

DURACIÓN: 50'

► + INFO ► VÍDEO



Novo circo, clown, malabares diarios para chegar a fin de mes, saltos mortais, golpes e caídas para un espectáculo todoterreno. Os nosos superheróes Spunk e Scrunch aseguran unha boa captura de gargalladas. Non poden garantir nada máis, pero tal como está o conto isto xa parece bastante.

DESASTRONAUTS

Máis Alto Aínda

ELENCO: RAQUEL VEGANZONES
GIRISHO GORDON

TODOS OS PÚBLICOS
ESTILO: CIRCO
DURACIÓN: 45'

i + INFO ► VÍDEO

Dende cordas aéreas dobres ata un hula-hoop de lume para chegar a un increíble e emocionante número aéreo de voo único en Galicia. Desastronauts son a mellor compañía aérea galega.

ASSIRCÓPATAS

Abracadaver

ELENCO: DANI BLANCO

TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: CIRCO

DURACIÓN: 50'

► + INFO ► VÍDEO

Volve Rogelio, cun espectáculo realmente creativo. Unha cura colectiva para perder o medo. Unha terapia de choque. Cos números de circo más terroríficos que xamais se viron e que nos porán os pelos de punta. Malabares, faquirismo, acordeón, equilibrios e moitas sorpresas más non aptas para cardíacos.

BOZA

Malabarabilidades



TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: CIRCO

DURACIÓN: 50'

i + INFO ► VÍDEO

Presentamos un auténtico portento do circo clásico e os malabares. Fran Boza estrea o seu primeiro espectáculo e vaite deixar abraiado pola súa calidade técnica.

Presentamos ao auténtico rei dos malabares!

A CORDA



i + INFO
► VÍDEO

Ser protagonistas dos nosos propios soños fai que ás veces parezamos un pouco tolas e neste espectáculo de circo e clown veremos a parte más divertida de ir a contracorriente.



i + INFO
► VÍDEO

Patty Diphusa é unha Hartista, con h maiúscula. E vén traernos un pouco de Harte, e moito de Hamor. Esta pequena gran Hartista mostrará moitas habilidades: bailando, trepando, inchando globos e incluso meténdose dentro deles!!!

SUE MORENO



i + INFO

► VÍDEO

Técnicas aéreas de circo, cancións, teatro físico e moito humor acompañan un espectáculo sobre as dificultades da conciliación para unha muller con fillas pequenas.

ÁNXELA BLANCO



i + INFO

► VÍDEO

Ánxela Blanco é unha bailarina e artista de circo galega con ampla experiencia en compañías como Elefante Elegante ou o CDG entre outras. Como artista individual desenvolve proxectos tan orixinais e atractivos como Voo, unha proposta cunha estrutura única que mestura de danza, circo e acrobacias.

ROGELIO



► + INFO
► VÍDEO

Maxia, escapismo e humor son os materiais dun pailaso que non ten moito filtro e que precisa do público como elemento do espectáculo.

CIRKOTE



► + INFO
► VÍDEO

Circo de rúa e teatro, malabares e humor, sobre todo moito humor. O clásico e ben feito espectáculo de circo de rúa que todo artista debe ter en carteira.

ISLA LETRISKA



► + INFO
► VÍDEO

Isla Le Triska combina disciplinas de Novo Circo e clown con excentricidades e xogos co público.

RISCANDO O CEO



► + INFO
► VÍDEO

Inspirado no Principiño Óscar Paez presenta un espectáculo próximo e moi visual que fai que o público viaxe co perigo e a risa.

TRIO DETRÉS

Máis Ritmo

DIRECCIÓN: FRAN REI

ELENCO: FÉLIX RODRÍGUEZ

OLIVIER CANO

ÓSCAR PRIETO

TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: TEATRO MUSICAL

DURACIÓN: 60'

i + INFO



Trío Detrés presenta un espectáculo versátil que pode presentarse estático ou en formato itinerante en 3 paradas. A música e o ritmo son os protagonistas, mesturados con rutinas e gags cómicos para todos os públicos. Temas propios, versiós de cancións populares, divertidos arranxos para un programa que transita por todos os estilos: latino, clásico, jazz, swing, bandas sonoras...

MAGO TETO

Rock & Magic

TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: MAXIA


DURACIÓN: 70'

i + INFO

O novo show dun mago dunha tremenda e contrastada calidade. Un show que mestura as dúas principais pasións de Teto: o rock e a maxia. Era cuestión de tempo unilas e sumar ao seu repertorio un espectáculo cargado de ilusións, ritmo, humor e moita moita tralla.

MAGO TETO

Alquimia



+ INFO

VÍDEO

Máxia teatralizada e cargada de humor nun coidado espectáculo onde atopar a Pedra Filosofal vai ser a escusa para unha grande aventura.

O Camiño do Afiador



+ INFO

VÍDEO

Un espectáculo contado a través do Camiño, dos Camiños de Santiago polos que os afiadores saían de Galicia para afiar e espallar a cultura galega polo mundo.

Tolemaxias

+ INFO

VÍDEO

O espectáculo máis clásico do Mago Teto. Unha proposta viva e cambiante adaptada a cada espazo e público no que Teto pon en escena os seus mellore números.

As nosas letras

+ INFO

VÍDEO

Unha unión da maxia e as letras para ilusionar e divulgar co galego. Un espectáculo que referencia a través da maxia ás principais obras da lingua galega dun xeito realmente anovador e divertido. Rosalía, Curros, Risco, Casares, Castelao e moitas outras figuras da nosa literatura desfilan maxicamente por este espectáculo.

DANI GARCÍA

TIN

 + INFO
 VÍDEO

Non hai imposibles que se resistan a unha persoa enxeñosa,
pois unha simple idea en mans de quen non se rende pode
cambiar o mundo.



 + INFO
 VÍDEO

Dani García celebra o décimo aniversario do xeadeiro
máis coñecido de Galicia cunha actualización deste
emblematico show.



DANI GARCÍA

Gadalka

ELENCO: DANI GARCÍA

INFANTIL
ESTILO: MAXIA

► + INFO ► VÍDEO



Gadalka é unha increíble cabina como as dos videntes e autómatas das feiras clásicas onde atoparás unha máxica sorpresa. Maxia de preto no primeiro espectáculo de rúa 100% covid-free. En Gadalka Dani García crea un espazo único no que poder ver tres asombrosos números de maxia realizados por un fascinante personaxe. Achégate e descubre Gadalka!

DIÁSPORA

O Peirao

ELENCO: MARÍA DOBRONICH
DANI BLANCO

INFANTIL
ESTILO: MONICREQUES
DURACIÓN: 45'

í + INFO ▶ VÍDEO

Diaspora é unha nova compañía formada por María Dobronich e Dani Blanco, Contos a través de monicreques para mirar o redor, a natureza, para coidala, para coidarnos.

RILO & PENADIQUE

Asdomare

ELENCO: VERO RILO
SONSOLES PENADIQUE

ADULTO
ESTILO: NARRACIÓN
DURACIÓN: 50'

+ INFO ► VÍDEO

ASDOMARE é o novo espectáculo de Vero Rilo e Sonsoles Penadique, #asdomare son as mulleres do mar, ou o mar de mulleres. É a senda dos faros que alumean A Maruxaina, A pedra do cu da raíña, Os cantos das conserveras... Todo o que o mar quita, todo o que o mar deixa.



RILO & PENADIQUE

Derriba da lúa


 + INFO

Espectáculo-obra doiro de narración oral e música, de recente creación, para familias con nenos de 0 a 3 anos. Queremos arrolar, contar, cantar e xogar xuntas para soñar e medrar libres coma paxaros, de cadeloria a cadeloria.

 + INFO

 VÍDEO


Espectáculo para primeira infancia coa escoita, a voz, a música, a luz e as sensacións como eixo central dunha agarimosa proposta.



Arre Ru

 + INFO

 VÍDEO





O pozo das señoras

 + INFO

 VÍDEO

A increíble capacidade de narrar de Vero Rilo e a sutileza musical de Sonsoles unidas para contarnos historias de mulleres ligadas á terra e ao sentimento.





A formiga no carreiro

 + INFO

 VÍDEO

Unha viaxe polas terras da lusofonía para contar, cantar, bailar e brincar cos contos de tradición oral e a música. Partindo do libro do Zeca Afonso editado por Semente descubrimos diferentes músicas e artistas que empregan a lusofonía como vehículo de expresión.



FRAN REI

Superheroe

DIRECTOR: AVELINO GONZÁLEZ
ELENCO: FRAN REI

INFANTIL
ESTILO: MAXIA E NARRACIÓN
DURACIÓN: 55'



+ INFO ➤ VÍDEO



Somos superheroes e superheroínas das nosas vidas cotiás, superar as dificultades cada día son a nosa grande xesta. Iso nos conta Fran Rei a través do humor e da maxia, os verdadeiros super-heroes son os pais, e as nais.

BANDULLO AZUL

Filipa Cos Contos

ELENCO: FRAN CAMPOS

INFANTIL
ESTILO: NARRACIÓN
DURACIÓN: 50'

► + INFO ► VÍDEO

Fran e Filipa seguen facendo das súas coa súa
guitarra, humor e contos percorrendo o país.

TROULA

O Dentista

ELENCO: DIEGO ROCA

TODOS OS PÚBLICOS
ESTILO: PASARRÚAS
DURACIÓN: 50'

i + INFO ► VÍDEO

Un fantástico espectáculo cunha estética balcánica e de época moi conseguida, conta con versión con e sen paradas e números moi orixinais e variados coa garantía do bo facer de Troula creando pasarrúas.
Poñede os dentes a cuberto!



CATROPÉS

Animacreques

ELENCO: ÁNXELA BLANCO
VANESSA RIVAS

TODOS OS PÚBLICOS
ESTILO: PASARRÚAS
DURACIÓN: 50'

¡ + INFO ► VÍDEO

A partir da técnica circense dos zancos e o virtuosismo da danza, xorde esta proposta de animación e intervención na rúa.



ESCÉNICAS

adulto

CULTURACTIVA PRODUCIÓNS

As Alumnas

DIRECCIÓN: FINA CALLEJA
ELENCO: ANABEL GAGO
MÓNICA CAMAÑO

"As Alumnas"
Estrea Marzo 2022

Unha obra de Paula Carballeira, dirixida por Fina Calleja e protagonizada polas actrices Mónica Camaño e Anabel Gago

ADULTO
ESTILO: TEATRO
DURACIÓN: 70'

i + INFO

Un espectáculo sobre xustiza social, memoria histórica, igualdade e resiliencia. Un fermoso artefacto escénico creado por Paula Carballeira e dirixido por Fina Calleja. Mónica Camaño e Anabel Gago atopanse no pasamento da súa mestra, María Barbeito, e conducénnos por unha senda emocional que arrinca desde que se coñecen na escola antes da Guerra Civil ata os anos 70.

CULTURACTIVA PRODUCCIONES

Conexión Pingüín

DIRECCIÓN: MARCOS ORSI
ELENCO: LUIS IGLEQUIA
MARCOS ORSI

ADULTO
ESTILO: TEATRO
DURACIÓN: 70'

► + INFO ► VÍDEO

Unha reflexión cómica sobre a incomunicación na era da comunicación. Unha comedia sobre a incomunicación entre os seres humanos. Este mal fai estragos todo os días e a todas horas, na casa, coa familia, no tráfico, no traballo... Estamos na súper era tecnolóxica, da conexión inmediata, mais nunca estivemos tan lonxe entre as persoas. Luis Iglesia e Marcos Orsi interpretan un divertidísimo texto de José Prieto nunha peza que nos vai facer rir a esgalla.

MERCEDES PEÓN

Osmose

PREMIO NACIONAL DA CULTURA GALEGA

ARTISTA DO ANO PARA FOLKWORD

ARTISTA TOP TEN NA REVISTA SONGLINES

ELENCO: MERCEDES PEÓN

LAURA ITURRALDE

ADULTO

ESTILO: PERFORMANCE + VÍDEO CREACIÓN + ELECTRÓNICA

DURACIÓN: 60'

► INFO ► VÍDEO

Osmose dilúe os límites binarios entre a música e a performance. Unha peza atravesada pola obra Nación de Margarita Ledo, en diálogo coa intervención audiovisual e dirección escénica de Peque Varela e co traballo lumínico de Laura Iturralde.

BARROSANTA

Ragazzo

DIRECCIÓN: XAVIER CASTIÑEIRA

ELENCO: ANXO OUTUMURO

ADULTO

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 70'

i + INFO



Un texto de Lali Álvarez dirixido por Xavier Castiñeira (Butacazero) con Anxo Outumuro. Ragazzo é unha historia real con nome e apelidos: Carlo Giuliani; un xoven activista italiano de 23 anos, asasinado a mans da policía o 20 de xullo de 2001 nunha manifestación contra o cumio do G8 en Xénova. Ragazzo é unha oda á xuventude e á liberdade, un grito á vida, á dignificación das historias personais e unha reivindicación da memoria colectiva.

ISABEL RISCO

Bravas

PREMIO FETEGA CARBALLIÑO Á MELLOR ACTRIZ 2015

PREMIO MESTRE MATEO 2013 Á MELLOR INTERPRETACIÓN

FEMENINA DE REPARTO

III PREMIO LUÍSA VILLALTA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

DIRECCIÓN: FRAN REI

ELENCO: ISABEL RISCO

ADULTO

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 80'

i + INFO



Bravas é unha produción teatral sobre mulleres sen medo, mulleres que forman parte dun clan que elas mesmas paren, amamantan, manteñen, constrúen cos alicerces da rebeldía, da rebelión, da ilusión, da valentía, da xustiza social, da empatía, da humanidade.

Isabel Risco dá un paso adiante tras o éxito de Nabiza Girl cun espectáculo que combina o humor e o teatro con grandes textos de Paula Carballeira, Clara Gayo, Roi Vidal e Xurxo Barcala.

MARTA DOVIRO

Memorias dunha
rapasa da costa

ADULTO
ESTILO: NARRACIÓN
DURACIÓN: 60'

i + INFO



Marta Doviro (Malo Será, Luar, Paz de Familia...) presenta o seu primeiro monólogo. Un exercicio cómico sobre a nosa forma de ser e facer en contraposición ao que os medios e o cinema nos poñen como modelo.

APATACÓN

Por unha peseta

ELENCO: VERO RILO
FAIA DÍAZ

ADULTO
ESTILO: NARRACIÓN
DURACIÓN: 50'

¡ + INFO ► VÍDEO

Faia e Vero unen as súas enormes potencias artísticas nun delicado espectáculo que une o canto e o conto como poucos en Galicia. Un espectáculo tan divertido como sentido.

SERGIO PAZOS

Contaxiándonos de humor

ELENCO: SERGIO PAZOS

ADULTO
ESTILO: NARRACIÓN
DURACIÓN: 50'

i + INFO

Sergio Pazos atopou a solución á pandemia (ou iso cre), contaxiarnos a todos de humor.



AVELINO

Sereas, dragons
e pistas de baile

ADULTO
ESTILO: NARRACIÓN
DURACIÓN: 60'

 + INFO  VÍDEO

O amor... xa se sabe, ás veces tenro, tantas veces
ridículo e, visto dende fóra, sempre tan divertido.

FRAN REI E PALLASOS EN REBELDÍA

Foot

ADULTO
ESTILO: TEATRO
DURACIÓN: 60'

Pallasos en Rebeldía monta con dirección de Iván Prado e Fran Rei en escena o marabiloso e premiado texto de Ismail Khalidi. Foot é un espectáculo poético, cómico e surrealista na voz dun futbolista palestino que nos conta o imposible camiño do seu equipo para clasificarse á Copa Mundial. Un camiño de contros militares, exilio, corrupción e soños truncados.

RILO & PENADIQUE

Arrolando as frores

ELENCO: VERO RILO
SONSOLES PENADIQUE

ADULTO
ESTILO: NARRACIÓN
DURACIÓN: 50'

i + INFO ► VÍDEO

“Cando lle preguntaron na escola cantos irmáns eran ela dixo que cinco irmáns, dous alborotos e un xeranio”. O resto da historia soubémola despois pola súa sobriña. Arrolando as frores é a nova sesión de narración oral e música para público adulto que parimos. Falaremos do aborto, contaremos a Marica Campo, revisaremos os contos colorados, namorarémonos das flores e transplantaremos a alegría. Amor, dor, humor, música e mulleres das nosas vidas.

ISABEL RISCO

Nabiza Girl

ADULTO
ESTILO: TEATRO
DURACIÓN: 60'

i + INFO

Neste espectáculo coñeceremos a Chelo García Naveira, máis coñecida como Nabiza Girl, unha superheroína rural galega con denominación de orixe protexida e poderes que proveñen do sulfato, de cobre!





ARTEFEITO

Dous no camiño

i + INFO

A lenda do apostolo Santiago contada do xeito máis divertido e rompedor que nunca vimos. Unha sucesión de números cómicos nos que aprenderemos unha versión realmente divertida da historia xacobea.

i + INFO

► VÍDEO



Dúo Vaguedades

Isto é descoñecido para a mayoría da poboación pero Rosalía e Pondal conformaron o primeiro grupo de tecno de Galicia. Dúo Vaguedades recupera os seus grandes hits.



MÚSICA
escenario

GUADI GALEGO

Costuras

PREMIO MARTÍN CÓDAX 2020 NA CATEGORÍA POP/INDIE

PREMIO Á PROMOCIÓN DA REALIDADE PLURILINGÜE DO ESTADO ESPAÑOL



[+ INFO](#) [▶ VÍDEO](#) [ESCOITA](#)

Pop con arrecendo a futuro, o mellor disco dunha artista **inconformista** que segue a abrir novos camiños para a música galega. O seu directo é único, unha delicia para ollos e ouvidos, emoción pura.

MERCEDES PEÓN

Ingrávida
Déixaas

PREMIO NACIONAL DA CULTURA GALEGA

ARTISTA DO ANO PARA FOLKWORD

ARTISTA TOP TEN NA REVISTA SONGLINES

INFO ► VÍDEO ESCOITA



Vanguarda en estado puro dende o amor absoluto pola tradición. Electrónica con esencia da terra para superar os tempos de pandemia

LEILÍA

Vidas Cantadas

► + INFO ► VÍDEO  ESCOITA

Pioneiras, protagonistas e corresponsables do novo folk galego, aquel que puxo en valor e recuperou a tradición oral galega dándolle a categoría que hoxe en día teñen.



OS D'ABAIXO

Somos a pedra

100% folk galego e universal, sen límites nin fronteiras. ARRIBA OS D'ABAIXO!!

• INCORPORACIÓN
NOVA • DISCO
NOVO

CULTURACTIVA

XURXO FERNANDES

Levaino!

¡ + INFO ► VÍDEO 🔊 ESCOITA



Unha das voces más singulares do panorama actual, capaz de innovar minuciosamente desde a tradición cunha visión única sobre as músicas de raíz e de creación colectiva.

PELEPAU

1. Na Beira
2. Na Beira Sinfónico

• PROXECTO
• DISCO

Novo

UXÍA & RUIBAL

Da túa casa á miña

► + INFO
► VÍDEO

Da túa casa á miña é un retrato musical de dous poetas universais, Rosalía e Lorca, da man e do sentimento de dúas almas que tratan de poñer ás á poesía de ambos autores.



UXÍA & GERMÁN DÍAZ

Coplas e historias do Camiño de Santiago

► + INFO
► VÍDEO

Uxía e Germán Díaz únense nun espectáculo musical que pretende mostrar toda a beleza das músicas -históricas e imaxinadas- da tradición musical dos Camiños a Santiago.

TALABARTE

Fake

PREMIO MARTÍN CODAX

PREMIOS OPINIÓN AO MELLOR DISCO

CULTURACTIVA



+ INFO VÍDEO ESCOITA

Trad-folk que bebe das tradicións europeas. Risco e virtude nunha banda referente do país...

JOEL PADÍN

Aughas mortas



Primeiro disco do músico más novo da escena profesional galega. Joel Padín ten 16 anos e un proxecto firme e cheo de calidade.

¡ + INFO ► VÍDEO

• INCORPORACIÓN
NOVA • DISCO
NOVO

CULTURACTIVA

LA QUINKILLADA

Gozar, sentir, bailar!

i + INFO ► VÍDEO  ESCOITA

A sinerxía perfecta entre a maxia da verbena galega e a forza dun festival con toda a frescura dunha banda rompedora!

BANDA XANGAI

Proxecto Xangai



í + INFO ► VÍDEO

Homenaxe á verbena e ao bravú, 25 anos de
historia musical do noso país.

• INCORPORACIÓN
NOVA • DISCO
NOVO

DAKIDARRÍA

Colaxe

CULTURACTIVA



[+ INFO](#) [▶ VÍDEO](#) [ESCOITA](#)

Tras 18 anos de carreira alcanzan esta mayoría de idade más fortes ca nunca e presentando novo disco: Colaxe.

IALMA

Camiño

Pandereteiras, fillas e netas de galegos na diáspora. Donas e cabaleiros, dende Bélgica, as imprescindibles IALMA!

JAVIER OTERO NEIRA

Saraiba

ARTISTA YAMAHA

► + INFO ► VÍDEO 🔍 ESCOITA

Piano e electrónica nunha clara aposta por unha estética contemporánea, con influencias da natureza e da vida cotiá. Abrir as fiestras para osixenarse e deixarse levar.

PESDELÁN

Senta que hai baile

í + INFO ► VÍDEO

Que nada pare o baile e as ganas de gozar
en familia, imos todos bailar dende a cadeira
con Pesdelán!

CARAPAU^S

Camiño da vida tola



Un novo disco na traxectoria destes gaiteiros con actitude: "Somos gaiteiros, somos revolucionarixs".

3 PESOS

De cando os
animais cantaban

Tres xeitos de facer, tres adictos á nosa música, tres caras da mesma moeda, trío de ases para festas e foliadas.

GALIFUNK BRASS

Galifunk

 + INFO  VÍDEO  ESCUCHA

Divertidos, desenfadados 100% calidad, a
mellor brass band de Galicia.

ACORDEIRETA

Loitar cantando

 + INFO  VÍDEO  ESCOITA

Loitar Cantando (verbas de Luz Fandiño) é o lema deste dúo de acordeón e pandeireta e tamén o título do seu primeiro traballo cun estilo único, fresco e contundente.

SUSO VAAMONDE E XOSÉ LOIS ROMERO



 + INFO
 VÍDEO

A viaxe de dúas grandes figuras do folk galego entre instrumentos da tradición musical galega e a súa evolución ao longo do tempo.



 + INFO

Unha das figuras más versátiles do folk galego: Pedagogo, multiinstrumentista, compositor. Dispón de varios formatos de pequeno formato para todo tipo de públicos e necesidades!



MÚSICA

rúa



FANFARRIA TAQUIKARDIA

Café Bar Sovia

Música Taquikárdica

A fanfarria más aclamada do país que co seu taquicárdico repertorio alegran e fan bailar a corpos e almas.

| + INFO ► VÍDEO

| + INFO ► VÍDEO

Repertorio taquicárdico: melodías balcánicas, coñecidas pezas da música clásica e do cine, música tradicional galega e latina, sempre co espírito necesario para o baile e a xoldra.

BRASSICA RAPA

Brassica Rapa

i + INFO ► VÍDEO

A primeira fanfarria do país 100% feminina.
Reivindican a presença da muller e levan a
frescura alá onde os seus ritmos chegan.

OS BREGADIERS

Os Bregadiers

[+ INFO](#) ► [VÍDEO](#)

Ritmos swing, jazz e rock&roll, nunha forma-
ción brass band de experimentados músicos
galegos de gran calidade musical e artística.

OS MONIFATES

Os Monifates de festa en festa

► + INFO ► VÍDEO

Un carromato cargado de instrumentos, tirado por dous músicos ambulantes acompañados dos más diversos monicreques danzantes bailando música tradicional galega.

CÉ ORQUESTRA

1. Home Orquestra
2. Fíos do querer



► + INFO VÍDEO

A recuperación do home orquestra en Galicia ten un só nome, Cé Orquesta Pantasma. A súa proposta adáptase tanto a rúa como a interior e gusta a todas as idades

O CEGO NA FEIRA

Cantares de Cego

i + INFO ► VÍDEO

Tratando de recrear as actuacións que facían os tradicionais personaxes dos cegos polos pobos e aldeas galegas. esta animación para rúas, feiras, festas e todo tipo de torreiros, da a coñecer as novas como se comunicaban antes da radio, televisión e internet e tamén busca momento para facer cantar, bailar e brincar.




SOMDOLILÁ

SomDoLilá

¡ + INFO ► VÍDEO

Somdolilá é unha batucada feminista de mulleres que usan a música como ferramenta de sororidade, alegría e loita. Celebran ocupando o espazo sonoro e recuperando a memoria das que com-bateron antes ca nós.



**CULTUR
ACTIVA**

CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA

info@culturactiva.org
www.culturactiva.org
+34 981 582 836